EXPEDIENTE 2025/G010/000005. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA 26 DE MARZO DE 2025.

ACTA Nº 2025/6

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: mércores 26 de marzo de 2025

Hora de comezo: 12.01 horas

Hora de remate: 12.35 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á solicitude de data 19 de febreiro de 2025 asinada polo concelleiro non adscrito Darío Rey Suárez, polo Concelleiro do Grupo municipal do BNG Xoan Louzao Rodríguez e polo Concelleiro do Grupo municipal do PP Jesús Reboredo González para a convocatoria dun pleno extraordinario, convocado automaticamente e notificado ao abeiro do artigo 46.2 da Lei //1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, para a adopción, no seu caso, dos acordos seguintes:

1. Dar conta da SITUACION E RELACION CONTRACTUAL ENTRE A EMPRESA ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO,S.A. E O CONCELLO DE TOURO (Dirección das obras, elaboración de proxectos,seguridade e saúde nas obras, certificacións de obras…)

2. Instar ao alcalde/xunta de goberno a iniciar de inmediato un procedemento de contratación aberto para regularizar a situación do servizo de asistencia técnica.

PUNTO PRIMEIRO. DAR CONTA DA SITUACION E RELACION CONTRACTUAL ENTRE A EMPRESA ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO,S.A. E O CONCELLO DE TOURO (DIRECCIÓN DAS OBRAS, ELABORACIÓN DE PROXECTOS,SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS, CERTIFICACIÓNS DE OBRAS…).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0XlZR8Udb2sKyPtne9iN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INTERVENCIÓNS

O Sr. alcalde da a palabra aos solicitantes.

Toma a palabra o Concelleiro non adscrito, Darío Rey Suárez, di que foi solicitado xa fai tempo e o primeiro que quería deixar claro e que na anterior lexislatura o Grupo Movemento Veciñal solicitou varios plenos extraordinarios e o alcalde naquel momento deixou correr o prazo e autoconvocáronse para que foran ás doce da maña e que non tiveran concorrencia, pois este alcalde que naquel momento criticaba tanto, fixo absolutamente o mesmo. Non sei cal é a finalidade disto, supoño que será que teña menos visibilidade. O obxecto deste Pleno era pedir explicacións, polo que teño pensado reservarme para o meu segundo turno de intervención, porque as explicacións non as teño que dar eu, tenas que dar o alcalde, polo que escoitarei e farei a miña intervención máis ampla no segundo turno.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González, voceiro do PP, di que a iniciativa da convocatoria foi do concelleiro Darío, propúxonos o tema e nos considerabamos que era necesario este pleno, de feito a eficacia da convocatoria queda demostrada pola rapidez con que o goberno municipal sacou a concurso a contratación, presentouse a solicitude do pleno extraordinario o día vinte e un de febreiro e o vinte e catro xa se publicaron os pregos na plataforma de contratación con moita urxencia porque foi sobre as once da noite a hora de publicación na plataforma. Despois de levar un ano e pico vencido o contrato, venceu en xaneiro do ano pasado, e que non se saca a concurso sen ningunha explicación lóxica porque nos habiamos dito no ano 2023 que había varios contratos vencidos e preguntabamos cales eran as causas polas que non se sacaban a concurso, contestóusenos que por falta de persoal eu entendo que tamén falta de experiencia. Durante doce meses e pico estívose incumplindo as normas, estes contratos non admiten prórroga, realmente o que se fixo e que mes a mes, unha especie de contrato menor de servizos porque é a única explicación, como os contratos menores non están suxeitos a fiscalización previa por parte da intervención, pois tampouco se detallaba a omisión da función interventora, pero era unha irregularidade clarísima durante todo ese tempo, sin ningún tipo de xustificación.

Por outra parte, nós xa habiamos manifestado nun pleno anterior, que ese contrato estaba incumplido, porque había un compromiso, unha oferta da empresa adxudicataria de realizar durante a vixencia do contrato un inventario de carreteras, pistas e camiños municipais, no que se detallaba ademais no prego que debería incluír como mínimo:
- Planos da totalidade das vías, definindo individualmente cada vía ou camiño, con puntos de inicio e final, especificando lonxitudes e anchos.
- Clasificación das vías municipais en función da súa importancia.
- Indicación para cada unha das vías do tipo de pavimentación e estado de conservación.
- Indicación de coordenadas de inicio e final tanto en planos como en listados.
- A cartografía deberá presentarse en formato dixital.

A raíz dunha xestión do goberno anterior, realizouse a redacción do inventario de bienes, que casualmente foi adxudicado pola Deputación á mesma empresa que tiña a asistencia urbanística, técnica e dos proxectos. Se ese inventario houbese estado feito, teos que admitir que hoxe o inventario de bens municipal sería moitísimo máis completo, polo que hai un prexuízo enorme para a administración municipal polo incumprimento desta parte do contrato. No pleno pasado fixemos referencia a ese incumprimento, preguntámoslle ao sr. alcalde se se ía abrir un expediente sancionador que debería de incluír as penalidades que ten previstas no prego e por suposto requira á empresa par que entregue ese inventario e senón terá que indemnizar ao Concello polos prexuízos causados. Á vista disto non entendemos esa presa de sacar a licitación, cando o alcalde era coñecedor que ses contrato estaba incompleto, o lóxico sería requirir á empresa para que realizase as prestacións todas, senón o facía iniciar o expediente de imposición de penalidades. Independientemente da lexislación, das normas, eu penso que non ten sentido que volva a adxudicárselle o mesmo servizo á empresa que incumpriu o contrato anterior, independentemente do nivel de gravidade do incumprimento, hai unha cuestión de fiabilidade, de solvencia. Casualmente resulta que se saca a concurso e só se presenta ao contrato de asistencia urbanística a empresa adxudicataria, preguntarémoslle ao sr. alcalde se xa iniciou ese expediente de requirimento á empresa para que complete o contrato ou se iniciou o expediente de imposición de penalidades, dende un punto de sentido común, non debería adxudicarse é mesma empresa que acaba de incumplir flagrantemente non só nos catro anos de prestación de servizo senón tamén neste ano e pico, polo tanto non acabamos de entender a actitude do goberno municipal.

CVD: 0XlZR8Udb2sKyPtne9iN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En relación cos pregos da nova licitación de asistencia urbanística, que tamén nos explicará o sr. alcalde, porque se desglosou en dous contratos o que era contrato anterior, cales son as razóns técnicas ou legais que aconsellaban desglosar ese contrato en dous. En relación co de asistencia urbanística, curiosamente dentro das funcións que se pretenden cubrir con esa nova contratación no apartado dez da cláusula segunda inclúese a valoración de ofertas en procedimientos de contratación derivados dos proxectos redactados ou do seu ámbito competencial; que sentido ten que a empresa que leva a asistencia urbanística faga as valoracións da contratación de obras, que ten que ver o urbanismo coa execución de obras de todo tipo, de pavimentacións… Non acabo de entendelo e ilóxico, con outro agravante porque no mesmo prego no persoal que se lle esixe á empresa un arquitecto superior e un arquitecto técnico. Vai facer a valoración das ofertas de obras, que a maioría son de pavimentación, vainas a facer un arquitecto? Cando o lóxico sería unha enxeñería, persoal que si está no outro contrato, porque a empresa que vai redactar os proxectos e levar a dirección de obra non vai a valorar as ofertas que se presenten ás distintas licitacións, e algo que a nós resúltanos inexplicable.

En canto ao contrato de redacción de proxectos, dirección de obra e estudio de seguridade e saúde deberá explicarnos o sr. alcalde cal é a xustificación de que non se saque en lotes, tanto para a fixación do prezo do contrato como para a valoración dos criterios de adxudicación faise por lotes, entón o lóxico serían dous o tres lotes, cousa que non acabamos de explicarnos e veremos no expediente as causas que se alegan para non sacalo en lotes.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Xoan Louzao, di que evidentemente este pleno non tiña que solicitarse se por parte do goberno houbese tido un mínimo de axilidade na xestión, pero como ben dixo o concelleiro do PP tivo a súa función porque a solicitude fíxose o día dezanove e o día vinte e catro xa vai a Comisión de Goberno os pregos da nova licitación, polo que de aí só deriva unha pregunta que é cal é a razón que explica que estiveramos máis de un ano cun contrato vencido e houbera que esperar que por parte da oposición dera un paso adiante para que o goberno actuara.

O Sr. Alcalde di que en realidade o que trasladaron foi unha sucesión de preguntas, como saben o pleno extraordinario non contempla o apartado de preguntas.

Respecto da solicitude do Pleno, o Pleno non foi solicitado polo Concelleiro Darío Rey, o pleno foi solicitado polos concelleiros Darío Rey Suárez, Xoan Louzao Rodríguez e Jesús Reboredo González, é por quen foi solicitado o Pleno.

Respecto a suposta relación, segundo vostedes, entre a solicitude de pleno e o inicio do proceso de contratación, pois sinceramente non hai ningunha, porque vostedes solicitaron o pleno o dezanove de febreiro, e os pregos están asinados por este alcalde o doce de febreiro, é dicir unha semana antes, o alcalde é adivino e xa sabía que vostedes ían a solicitar un pleno e entón semanas e incluso meses antes xa se estaba traballando nos pregos. Con esa mesma lóxica, é a retahíla de discurso que trasladan.

No segundo turno de intervencións, o Concelleiro non adscrito Darío Rei di que como este alcalde é tan demócrata e non quere contestar a preguntas, que por certo cando estaba na oposición rompía todas as reglas, facía preguntas, aclaracións no turno de preguntas, facía absolutamente de todo; pero agora de repente púxose en modo dictador. En primeiro lugar hai unha serie de feitos, como son que durante meses estivo o contrato caducado e non se sacou a licitación, por poñer un exemplo houbo nun contrato no que se lle impuxeron penalidades. O Concelleiro atópase indisposto polo que solicita intercambiar o turno de intervención e sendo as 12.18 horas abandona o Salón de Plenos.

Toma a palabra o voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que fixemos mención a que a iniciativa da convocatoria era do Concelleiro Darío Rey porque é de xustiza, como é necesario un mínimo de tres concelleiros, da cuarta parte, loxicamente apoiamos o tema porque estabamos totalmente co obxecto da convocatoria, pero como di o outro, a cada un o seu.

En canto ao que di o sr. alcalde que son preguntas, hai que ter pouco respeto á Corporación e aos veciños para non explicar o que estamos denunciando. Esa preguntas son para que vostede teña a ocasión de explicarse, porque se tardou un ano en sacar a concurso o tema, porque non se lle esixiu

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0XlZR8Udb2sKyPtne9iN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

á empresa que cumprise o contrato completo, o tema do inventario que consideramos que ten unha valoración económica importante, non son preguntas dun pleno ordinario sr. alcalde, eso é explicar a súa actuación na contratación do servizo de asistencia técnica e no servizo de redacción de proxectos, se non quere explicar iso, o lóxico é pensar que non ten explicación, porque á verdade e que é difícil de explicar, salvo que haxa unha conivencia coa empresa, non ten outra explicación, porque habería que ver a legalidade deses contrato menores, ata que punto se pode facer, explíquenos vostedes porque nin ao final do contrato nin durante ese ano largo non lle esixe á empresa que complete o contrato con ese inventario ao que se comprometeu, porque se lle encomenda a valoración das ofertas de contratación de obras ao servizo de asistencia urbanística ao que por encima non se lle esixe que teña profesionais cualificados para iso, podían habelo xustificado se se houberan esixido unha enxeñerías. Tuvo vencido o contrato do SAF con omisión da función interventora por parte do interventor durante meses, hai contratos vencidos ao día de hoxe, estivo vencido o do mantemento do alumeado público, reconozco que esas cuestións non son fáciles de explicar sobre todo para un goberno que veu aquí prometendo a renovación total. É difícil de explicar, porque realmente isto é unha parálise municipal ou de falta de capacidade para asentarse ao desempeño que ten a alcaldía, por riba son competencia súa, nin no pleno imos a fixar os pregos, non pode alegar esa situación na que se atopa politicamente dunha minoría que non ten remedio. Non se debe levantar deste Pleno sen explicar ou tratar de explicar minimamente non so por respeto aos Concelleiros senón por respeto ao vecindario de Touro, non se pode engañar así á xente e empezo a pensar que detrás de todo isto algo raro ten que haber, unhas complicidades e unhas conivencias que non acabo de entender, salvo que nos explique as causas disto.

Durante a intervención do Sr. Reboredo González, ás 12.21 horas o Concelleiro non adscrito Darío Rey reincorpórase á sesión.

Toma a palabra o Concelleiro Darío Rey pedindo desculpas por ter que ausentarse e a interrupción na intervención, e se o alcalde se nega a respostar as preguntas faráo no próximo pleno, e subscribe o que se dixo.

No segundo turno de intervencións, o Sr. Louzao, voceiro do BNG di que en primeiro lugar o pleno foi solicitado por tres porque é o mínimo necesario, pero que a iniciativa foi do Concelleiro Darío e nós temos a mínima honestidade para recoñecer quen ten unha iniciativa ou non. En segundo lugar como non hai turno de rogos e preguntas, non lle fago preguntas dea explicacións de porque tivo un ano sen renovar o contrato. Pido explicacións.

O sr. alcalde di se non se dan conta que eu déixoos falar, veñen cun argumentario e xustifícano, autocréeno, de aí deducen acusacións. Lembro acusacións gravísimas do voceiro do PP en canto a que se estaban facendo certificacións de obras que non se executaban, incluso chegou a presentar recursos, unha vez que se lle deu resposta calou coma un peto.

Respecto a cuestión do inventario de camiños, vostede non pregunta nin pide documentación ao respecto, ten a estratexia de fabricarse o argumentario, tratar de autocrelo e ciscalo. A empresa, Estudio Técnico, estivo facendo o traballo de campo do inventario de camiños o verán pasado e a última información que se lle solicitou sobre o estado dese traballo, recibímolo para darlle explicacións ao respecto este vinte e catro de marzo e nos di a empresa que está traballando no compromiso adquirido que recolle os documentos previstos no contrato e que están na fase de montaxe dun sistema información xeográfica que contempla a propia cartografía do inventario, superposta sobre ortofotografía do Plan PNOA do ano 2020, así como diversa cartografía vectorial do Concello de Touro (catastro, límites parroquiais, límite núcleos de poboación e edificacións e así mesmo estanse facendo as tarefas de preparación das salidas gráficas que permitirán ao sistema a xeneración dos planos requiridos.

PUNTO SEGUNDO. INSTAR AO ALCALDE/XUNTA DE GOBERNO A INICIAR DE INMEDIATO UN PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN ABERTO PARA REGULARIZAR A SITUACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA.

O Concelleiro non adscrito Darío Rey di que pola súa parte creo que cando Movemento Veciñal estaba na oposición falábase de municipalizar este servizo, é curioso que agora se manteña caducado durante un ano, milagrosamente se licite e se realice sen facer ningún tipo de estudo para municipalizar nin nada, o que antes quería municipalizar agora quere privatizar ata triturar os restos de poda,. Queda un pouco en evidencia e aquí estamos esperando a que se municipalice o servizo.

CVD: 0XlZR8Udb2sKyPtne9iN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Reboredo, voceiro do PP, decía no anterior punto que non ía responder porque eran preguntas, pedímoslle explicacións, trata de facelo e resulta que son eu o que me adico a facer denuncias sen fundamento, crear argumentario…, pero que casualidade o vinte e catro de marzo a empresa informa de como está o traballo, un ano e pico despois de haber finalizado o contrato, e resulta que a culpa e do portavoz do PP porque non pregunta por iso. O portavoz do PP puxo fai moitos meses nesta pista ao sr. alcalde, o que non pode e tratar de descalificar para tapar as súas carencias, hai unha carencia clarísima e un incumprimento de contrato no prazo de execución. Non me explicou aínda, e como o segundo refiérese á contratación do servizo con ese desglose en dous contratos, porque a valoración de ofertas vai o servizo de asistencia urbanística, e porque non se lle esixen os técnicos cualificados, e tamén porque non se adxudicou por lotes o segundo contrato.

Xa que me acusaba dunha certificación de obra, sígolle dicindo que esa certificación de obra de Circes a Xunqueira está certificaba máis obra da que se executou e eu desafío ao señor alcalde se quere que fagamos unha auditoría dese tema, que se fagan unhas catas e se vexa onde están os sobreanchos, o afirmado da zahorra. Presentamos un recurso de reposición que se nos desestimou en base a un informe da dirección de obra, por suposto dicindo que se habían gastado esa partidas noutras partidas distintas, xa decidiremos nós o que facemos con iso, temos a opción de recorrelo, pero non me acuse de que esa acusación é falsa porque se alguén está falseando o tema é quen informe deste tema e quen o apoia e hai cousas que é un insulto á intelixencia dos membros da Corporación e a través de nós aos veciños de Touro, o responsable e quen emita o informe que é o responsable de se se fixo ou non, é evidente, está aí para demostrar e hai previstos tres saneamentos que non se fixeron e se quere acompañarnos imos alí e mirámolo. O que quero dicir e que non nos lance acusacións de que nós acusamos falsamente, se acusamos é porque é moi evidente, o que é unha pena e que os membros da Corporación teñamos que fiscalizar as obras que se realizan.

Eu penso que non tiñan que haber sacado á licitación ata haberse resolto o incumprimento do contrato, que siga a día de hoxe sen cumprir, supoño que se impondrán algún tipo de penalidades polo retraso ou o contrato estírase polo tempo que precise a empresa, que é curioso que durante a vixencia do novo contrato non se entreguen os traballos do anterior contrato porque supoño que adxudicaran o contrato proximamente e esa empresa non entregou os traballos do anterior contrato; xa me explicará o alcalde se é contradición.

O voceiro do BNG, Xoan Louzao, di que preguntaría cales son os criterios o polo que o novo contrato se licitou en dous tipos de contratos, como non hai preguntas, non sei se vai a ter a ben contestarnos ou non, ao mesmo tempo darlle as gracias por deixarnos falar.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 12.35 horas do 26 de marzo de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 0XlZR8Udb2sKyPtne9iN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.